CONCELLO RIBADUMIA
REXISTRO DE SALIDA
2021 1145
Fecha:15/09/2021 13:57

ILMO.
CONCELLO
de
RIBADUMIA

ALEGACIÓNS AO BORRADOR DE ANTEPROXECTO DA LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

David J. Castro Mougán, na súa condición de Alcalde-Presidente do Concello de Ribadumia, comparece e como mellor proceda,

EXPÓN

Que en data 28 de xullo de 2021, notificouse a esta entidade, pola directora do organismo Augas de Galicia, a apertura dun trámite audiencia do denominado *"Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.*

Examinado o texto do borrador de anteproxecto e a medio do presente escrito e dentro do prazo establecido ao efecto, efectúanse as seguintes,

ALEGACIÓNS

Recoñecendo que a xestión dos recursos hídricos é un aspecto de vital importancia para Galicia; as características hidro-xeolóxicas da de Galicia fan que sexa un territorio diferencial, posibilitando un acceso aos recurso hídricos en prácticamente todo o territorio, sendo esta unha das causas principais da dispersión da poboación existente.

Enténdese que antes de adoptar medidas específicas sobre esta materia, sería conveniente contar cunha Planificación integral e uns plans específicos sobre estes aspectos e unha vez que se conte con ese marco xa se poderían aprobar as leis específicas e as normas de desenvolvemento e nese proceso os concello deberán participar activamente debido ás competencias con que contan e demandar, entre outros aspectos, os recursos económicos precisos para unha correcta xestión dos servizos.

Sen entrar a analizar a necesidade e oportunidade de establecer un marco normativo único para a consecución dunha eficiente xestión do ciclo integral da auga en toda Galicia, no borrador do texto que se presenta certos aspectos que impelen a este Concello a poñelas de manifesto ante esa entidade, suxirindo, en definitiva, unha revisión do seu articulado que permita a súa plena adaptación, concordancia e respeto á normativa vixente na materia, así como ás actuais esixencias socio-económicas de cada un dos concellos que conforman Galicia; e todo iso nun plano de total igualdade entre os concellos e coa finalidade de evitar calquera tipo de discriminación.

PRIMEIRA.- Estímase que o texto do Anteproxecto **vulnera o principio constitucional de Autonomía Local** consagrado polo artigo 140 da nosa Constitución.

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

Así, dunha pormenorizada lectura do texto da norma tratada, advírtese o establecemento de **medidas claramente invasivas de competencias** que, normas como a propia Lei Reguladora das Bases do Réxime Local ou o Texto Refundido de disposicións legales vixentes en materia de Réxime Local, reservan expresamente aos propios municipios en materia de abastecemento de augas, saneamento e depuración.

Así se poden considerar invasivas, entre outras, a previsión da fixación de **aglomeracións urbanas ou a posibilidade de que uns municipios representen a outros** (medidas recollidas no Capítulo I do Título II do Anteproxecto*)*.

Igualmente constátase a vulneración de dito principio constitucional ao prever, sen apoiatura legal básica ningunha, **funcións de coordinación** ás **Diputacións Provinciais**, exhorbitantes da previsión recollida na LBRL, ao impoñer a estas administraciones provinciais, unha **financiación forzosa aos Concellos de menos de 20.000 habitantes**.

SEGUNDA.- Estímase tamén que o Anteproxecto prevé a **imposición de novas obrigas e de diversas medidas sen a previsión dos necesarios mecanismos de financiación**, **obviando** ao mesmo tempo, unha imprescindible e particular **concreción de actuacións precisas para a execución** das accións unilaterlamente impostas.

Así, os artigos 10, 11 e 12 da norma proxectada relacionan unha serie de medidas, respecto ás infraestruturas de saneamento, depuración e abastecemento de auga, que esixen de modo imperativo á elaboración de plans de revisión de infraestruturas, controis, adaptación de instalacións e inversións; e todos eles nuns prazos e periodos temporais previamente determinados.

Non obstante as obrigas impostas, o certo é que a regulación proxectada non toma en debida consideración a realidade das infraestruturas de abastecemento (en alta e en baixa), de alcantarillado e depuración; de forma que se impoñen prazos e obxectivos absolutamente irreais, omitindo – o que resulta mais gravoso aínda - os correspondentes recursos económicos para a súa implantación.
E isto é así posto que as devanditas imposicións establécense sen unha previa fixación dos oportunos e necesarios mecanismos de financiación para tales actuacións, e sen que así mesmo se advirtan nin concreten as particulares medidas, nin se xustifiquen axeitadamente os prazos que pretenden preceptuarse.

Examinando os artigos citados con superior detenimento, obsérvase a determinación dunha serie de obrigas para as Administracións públicas titulares de infraestruturas que deben ser comentadas.

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

Así se establecen, entre outras, as seguintes:

a) Infraestructuras de saneamento e de depuración:

- *Elaboración dun plan e dunha programación da revisión de instalacións mínima quinquenal e a execución, por parte das Administracións titulares das obras necesarias, por sí o a través de entidades públicas prestadoras dos servicios.*
- *A disposición no prazo de dous anos dun plan de control de vertidos ás redes de colectores, planes que deberan de ser elaborados, executados e revisados polas administracións titulares dos servizos integradas en aglomeracións urbanas con sistemas de saneamento ou depuración que den servizo a mais de 2.0000 habitantes, conforme ás directrices aprobadas por Augas de Galicia que ademais deberá de supervisarlos e como entidade púbica prestadoras dos servizos, poderá ser a encargada tamén de aprobalos.*
- *A exixencia da adaptación de todolos sistemas de depuración que den servicio a unha poboación de mais de 2000 habitantes equivalentes, en prazo de dous anos, de adaptar as súas instalacións, co fin de poder recibir e tratar residuos procedentes de fosas sépticas domésticas que se ubiquen nos Concellos que formen parte de cada unha das aglomeracións urbanas.*
- *A exixenxia de que as aglomeracións urbanas de mais de 2.000 habitantes equivalentes dispoñan, nun prazo de dous anos dende a entrada en vigor da norma dun plan de redución de entradas de augas brancas nas redes de saneamento.*

b) Das infraestructuras de abastecemento:

- *Obrigación de contar cun programa de revisión das instalacións de abastecemento e a súa revisión cun mínimo de periodicidade quinquenal.*
- *A necesidade de acometer importantes inversións en todo sistema de abastecemento que den servizo a poboacións de mais de 2.000 habitantes, tales como sectorizaciónes con división en áreas e sectores hidrométricos que permitan a medición en cada un deles coa instalación de caudalímetros nos puntos de entrada e saida.*

En ningún caso se fae a realizar as dotacións económicas para a cobertura destas novas obrigas ou a necesaria xustificación do prazo elixido para a programación e revisión de tales actuacións.- Tampouso se prevén excepcións nin se atende á complexidade e/ou disponibilidades presupuestarias concretas de cada administración titular dos servicios públicos

TERCEIRA.- Apréciase ademais a **falta de xustificación do cálculo e da determinación dos cánones** cuxa regulación se establece no Anteproxecto.

Así, no seu texto contémplanse os seguintes **cánones**:

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2
CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

.- Canon de xestión de depuradoras: *artigos 27 e seguintes*.
.- Canon de xestión de redes de coletores: *artigos 43 e seguintes*.
.- Canon de xestión de abastecementos: *artigos 60 e seguintes*.

Pola súa banda, o artigo 26.2 do mesmo texto determina expresamente a natureza xurídica de tales cánones como **taxas,** de acordo co dispuesto na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de Taxas, Prezos públicos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante esa afirmación, atendendo ao desenvolvemento que do referido artigo ofrece o propio Anteproxecto na expresa regulación deses tibutos, infírese unha diametral **vulneración** da normativa tributaria (Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; Lei 8/1989, de 13 de abril, de Tasas e Prezos públicos e a xa referida Lei galega 6/2003, de 9 de diciembre, á que expresamente se remite o texto do anteproyecto), así como da propia Diretiva Marco da Auga, particularmente no referente á observancia dos **principios de equivalencia, capacidade económica e de recuperación dos custos**.

Lémbrase a tal efecto que a normativa referida obriga a x**ustificar e limitar o importe das taxas á cobertura dos custos reais dos servizos** obxecto de prestación; custos que, ademais e sen dúbida ningunha, serán distintos en cada municipio, resutando nitidamente improcedente a determinación dunha xeneralización de contías.

O certo en fin é que, no texto do Anteproxecto examinado, establécense uns **importes fixos** para as cotas dos cánones referidos; pero tal cuantificación **no acada soporte,** como sería de rigor, na **obrigada memoria económico-financieira** que, como taxas que dí son, ofrezca amparo á determinación das devanditas cantidades. Este estudio por ende, haberá de xustificar principalmente, entre outros parámetros, o xusto e real custo do servizo a prestar e o número de posibles beneficiarios (dato este último descoñecido a priori).

Estímase así que o Anteproxecto vulnera en fin os principios de recuperación do custo, equivalencia e capacdade económica e individualización do gasto, consagrados pola dición da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; os artigos 10, 11 e 15 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de Taxas, Prezos públicos e Exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia; os artigos 7, 8 e 20 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos públicos; así como polo artigo 9 da Diretiva Marco da Auga (2000/60/CE, de 23 de outubro de 2000).

CUARTA.- O anteproxecto deroga, crea e modifica diferentes canons vinculados ao ciclo da auga.
Desaparece o actual canon de coeficiente de vertedura e a creación de dous novos canons na súa substitución: o canon de xestión de depuradoras e canon de xestión de rede de colectores.-

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2
CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

Realizando simulacións de cálculos, se prevee que a diferenza que suporía a aplicación destes dous novos canons fronte o actual suporía un incremento do 180% do recibo nos usos domésticos ou dun 130% de incremento nos recibos para o uso de actividades.
Además deste canon seguiría existindo o canon de auga (que non desaparece) o que podería supoñer en moitos casos que o importe dos canons repercutido nos recibos da taxa de abastecemento de auga sexan moitisimo superior a propia taxa.

Tamén hai que sinalar que nestes dous novos canons se incorpora dúas modalidades máis para o seu pagamento.- Además das establecidas para o canon de vertedura (uso doméstico, uso asimilado ao doméstico e usos non domésticos) engádense o uso urbano e o das fosas sèpticas.

Na modalidade de usos urbanos os suxeitos pasivos serán as propias entidades locais ás que se lles preste o servizo de depuración por parte da Xunta.

E na modalidade de fosas sépticas os suxeitos pasivos serán os titulares das fosas que realicen o baleirado nas instalacións de depuración xestionadas por Augas de Galicia establecéndose unha cota fixa (30 € por baleirado) e outra variable (20€/m3 volume auga baleirada).

Además se establece o canon de xestión de abastecementos pola prestación do servizo do subministro en alta de auga por Augas de Galicia e a xestión, inspección e recadación corresponde a Augas de Galicia eson suxeitos pasivos as Entidades Locais beneficiarias da prestación.

O cálculo consistiría no volume real de auga subministrado ás entidades locais en m3 multiplicado polo tipo de gravame de 0,3224 €/m3, (tarifa que case duplica a establecidas nos convenios.

Isto é unha penalización para os concellos medianos e pequenos; además de supoñer unha gran carga económica que fará que os concellos conten con menos recursos para a realización de investimentos e prestación de servizos da súa competencia, supoñendo tamén un incremento da carga administrativa sen compensación económica algunha, xa que estes recursos irá a parar integramente á Administración Autonómica.

Polo que atinxe á regulación prevista no capítulo II "*Canon de xestión de depuradoras",* a determinación do canon debería de realizarse para cada servicio concreto xestionado, pero non da forma uniforme e única prevista no Anteproxecto.

QUINTA.- Tal uniformidade e o feito de que no Anteproxecto se determine unha taxa homoxénea para todo o territorio galego, independentemente dos custes incorridos, contradí as directrices e principios impostos polo que se determina que cada usuario debe de pagar

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

os custes derivados da cantidade de auga consumida ou pola contaminación provocada, para que se incite a utilizar mellor os recursos.

SEXTA.- A imposición das actuacións de facturación e recaudación que o artigo 42 fai recaer sobre os xestores da depuradora, sen prever un mecanismo de cobertura dos gastos en que se poidan incurrir, amósase como outra carencia que igualmente debería correxirse no texto do anteproxecto examinado.

SÉTIMA.- O artigo 19 que regula a "Xestión do ciclo integral da auga pola Administración hidráulica de Galicia" establece que Augas de Galicia poderá xestionar infraestruturas de abastecimiento, non quedando suficientemente claro se inclúe os depósitos de cabeceira e distribución ou tamén a rede en baixa de distribución da auga.

Os concellos pequenos se enfrentan na súa mayoría con problemas como a falla de persoal e sobre todo de recursos económicos para levar a cabo a localización e reparación de fugas, control de fraudes, limpeza de depósitos, etc.

Enténdese que antes de implantar un canon polas perdas de auga, **debería de realizarse unha análise en profundidade de tódalas redes de abastemento de Galicia e poñer a disposición dos concellos os medios técnicos e económicos para levar a cabo os investimentos necesarios para conseguir de maneira paulatina evitar perdas na medida do posible**, entendendo que se antes da imposición do canon esto non se leva a cabo quedará patente o afán recadatorio do mesmo.

Este concello conta cunha rede de abastecemento moi extensa e a maioría da rede ten unha antiguedade considerable e aínda que **dende hai moitos anos vense realizando anualmente importantes investimentos en materia de abastemento**, vense detectando fugas, e outras cantidades importantes de auga non rexistrada, estándose xa levando a cabo auditorías, instalación de caudalímetros e outras medidas.

Así mesmo dende o Concello de Ribadumia se subministra auga a zonas de concellos limítrofes como Meis e Cambados

OITAVA.- Na disposición final primeira establecese a modificación da Lei 9/2010 de 4 de novembro de Augas de Galicia. Apartado 9.

Equipáranse os consumos de auga non rexistrada o por subcontaxe con pérdidas, cando a realidade é que non deberían penalizarse como tales aqueles consumos – que non son menores e sí habituais-. Asi pódense citar, a existencia de purgas, auga empregada na limpeza dos depósitos, subcontaxe dos contadores, consumos nas bocas de rego (empregadas para labores de baldeo e rego), os hidrantes e bocas de incendios. (todos eles

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

consumos que non constitúen en puridade perdas de auga, e por ende non deberían penalizarse dese modo).

Na redacción do anteproxecto de lei se fala de fugas de auga, cando se debería considerae o Auga Non Rexistrada **(ANR)** que inclúe tanto as perdas por fugas, como por fraude ou subcontaxe nos contadores de auga.

Así mesmo establécese unha penalización para as perdas en rendimentos por debaixo do 80%, cando en ningún momento xustifícase o determinación dese rendemento fixado, e sendo particularmente esa porcentaxe do 80%, moi superior á realidade das redes de abastecemento galegas, amosando esta medida fins recaudatorios.

- Se pasa a aplicar ao titular da rede (Concello) un canon por perdas nas redes de abastecemento de **0,29 euros/m³** en toda a auga que supere un 20% de perdas (establecendo de maneira uniforme un rendemento do 80%) entre a auga rexistrada nos contadores dos usuarios e a auga captado ou subministrada en alta.

É dicir, por esa auga que supera o 20% de perdas no caso deste Concello debería de abonar á Mancomunidade do Salnés (que é quen subministra en alta) un importe de **0,19 euros/m³** máis en concepto de canon por perdas un importe de **0,29 euros/m³,** o que suporía un custo de 0,49 euros por cada m3 dese 20% considerado como perda.

O tratamento que fae o anteproxecto para unha taxa de tanta repercusión é discriminatorio e inxusto para os Concellos máis pequenos e dispersos, xa que ao ter un ter un volumen de m3 rexistrados máis pequeño, as fugas teñen máis impacto no rendemento do servizo.-

Esto pode conlevar que o canon de perdas supoña un custo moi elevado que terá que asumir o Concello polo que aínda se disporá de menos recursos para poder acometer actuacións na rede.

A aplicación destes canons: canon de xestión de abastecementos, canon de xestión de depuradoras e canon de xestión de redes de coletores repercutirá de maneira moi importante nos recursos económicos con que conta os concellos, o que conlevará a imposibilidade de facer fronte a investimentos, prestación de servizos básicos e persoal, puidendo levar consigo ao concello a unha "quebra económica".

NOVENA.- Aprecia finalmente este Concello que o **réxime de financiación** que establece o artigo 24 do Anteproxecto para **municipios de menos de 20.000 habitantes** é claramente **discriminatorio**.

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

E tal afirmación efectúase ante a evidencia de que este precepto constitúe unha palmaria invitación a estes pequenos municipios para disfrutar da xestión dos seus servizos por un terzo do seu custo efectivo, ao asumir os dous terzos restantes e respectivamente, a Administración Autonómica e a correspondente Deputación Provincial; mentres que calquera outro concello que opte por asumir a súa xestión verase impelido a costear o 100% deses mesmos gastos, castigando precisamente aos municipios cunha maior carga de xestión.

DÉCIMA.- O Concello de Ribadumia estima que a regulación dos **convenios de colaboración** no Anteproyecto en audiencia, **non respecta a normativa de contratación pública** actualmente en vigor.

E iso ao teor do sinalado nos artigos 20 e ss desa norma en proxecto; posto que se reputa que os convenios entre entidades locais e o organismo Augas de Galicia, previstos para a prestación dos servizos relativos ao abastecemento de auga, saneamento e depuración, teñen por **obxecto prestacións irrebatiblemente contractuais**, polo que, en virtude do mandato imperativo do artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a súa natureza e réxime xurídico deberán adaptarse á lexislación de contratos do sector público.

Por iso, ineludiblemente, **a consecución e bo fin destes convenios haberá de alcanzarse ao amparo e co estrita observancia dos procedementos que contempla a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, e sempre con sometemento pleno aos principios de publicidade e concorrencia** que imperan na referida normativa.

Polo exposto,

SOLICÍTASE:

PRIMEIRO.- Que se teña por presentado este escrito e se admita o mesmo, e, tendo por formuladas as alegaciones que nel se conteñen, enténdase cumprimentado o Trámite de Audiencia conferido e, a teor das consideracións expostas, **se proceda á retirada ou revisión** do texto do *Anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga*, **atendendo ás suxerencias de modificación do articulado no sentido exposto.**

SEGUNDO.- Que se amplíe o prazo ou se someta novamente a un novo prazo para a presentación de alegacións, co fin de estudiar o mesmo con maior profundidade

Ribadumia, a 15 de setembro de 2021
O Alcalde,

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL

ILMO.
CONCELLO
de
RIBADUMIA

Asdo: David J. Castro Mougán

CSV: 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2

CSV: 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C7FD00L9Z7R9B1S2S2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

DAVID JOSE CASTRO MOUGAN(P3604600A-CONCELLO DE RIBADUMIA)-ALCALDE - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:34:54

DOCUMENTO: 20210182269
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:34

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E50002C82500K7B2V4W5F7Q6 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

CONCELLO DE RIBADUMIA - 15/09/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/09/2021 13:58:32
[-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA XERAL 2021 1145 - 15/09/2021 13:57

SALIDA: 20211145
Fecha: 15/09/2021
Hora: 13:57
Und. reg:XERAL